



**IES Nosa Señora
dos Ollos Grandes
Lugo**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

**IES N. S. dos OLLOS GRANDES
Dpto. XEOGRAFÍA E HISTORIA
DATA: 08/05/2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Habilitación normativa.**
2. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
3. **Avaliación e cualificación.**
4. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
5. **Información e publicidade.**

1. Habilitación normativa.

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.7. Os departamentos didácticos, os equipos de ciclo e os equipos docentes de cada curso, baixo a coordinación e dirección da respectiva xefatura de departamento, coordinación de ciclo ou do titor ou titora de curso, adaptarán a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ao ciclo, áreas, materias ou módulos integrados no departamento, que será o referente para o profesorado que imparta a mesma área, materia, módulo ou ámbito no centro educativo.

6.8. Aprendizaxes e competencias: identificaranse as aprendizaxes (estándares de aprendizaxe, ou no seu caso resultados de aprendizaxe) e competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia, área, módulo ou ámbito, que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.

6.9. Avaliación e cualificación do alumnado: a avaliación e cualificación adaptárase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

6.10. Establecerase o procedemento para o cálculo da cualificación final que se consignará na avaliación ordinaria.

6.11. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes: prestarase especial atención á avaliación do alumnado con materias pendentes. No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación de materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan una avaliación obxectiva. Deberanse detallar os criterios de avaliación e cualificación e establecer as datas e os procedementos para a avaliación das materias pendentes.

6.12. Información e publicidade. A información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.

6.13. O documento guía será remitido polos responsables da súa elaboración á dirección do centro antes do día 12 de maio de 2020 para o seu traslado á inspección educativa. As direccións dos centros responsabilizaranse da súa publicación na páxina web do centro nun lugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa e de garantir a súa publicidade, seguindo o procedemento establecido no centro. Así mesmo, o profesorado informará ao alumnado da súa área, materia, ámbito ou módulo.

2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Considéranse estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles os seguintes:

Dos relacionados na programación didáctica do curso 2019-2020 para a 1º e 2º avaliación:

1º ESO: Os que teñan un peso igual ou superior ao 25%

2º ESO: Os que teñan un peso igual ou superior ao 30%

3º ESO: Os que teñan un peso igual ou superior ao 25%

4º ESO: Os que teñan un peso igual ou superior ao 33%

Bacharelato: Os que teñan un peso igual ou superior ao 33%

Na terceira avaliación non consideramos que haxa estándares ou competencias imprescindibles.

3. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación teranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

Procedementos:

Análise das distintas tarefas, probas e traballos realizados polo alumnado, por medios telemáticos, ou de chegar a ser posible, presenciais.

Avaliación

Instrumentos:

- Traballos e tarefas escritas.
- Productos audiovisuais
- Traballos telemáticos

ESO

a) Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas:

A cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións, e á mesma, poderáselle sumar ata 2 puntos no caso de realizar satisfactoriamente todas as tarefas de repaso, reforzo e ampliación programadas durante o terceiro trimestre.

Cualificación final

No caso de 1º da ESO estas tarefas do terceiro trimestre se calificarán sobre 10 e poderán subir a media ata 2 puntos. Si a calificación destas tarefas é inferior á nota media das avaliacións non subirán ningún punto.

b) Alumnado con algunha avaliación suspensa:

O alumnado seguirá os procedementos de recuperación da/s avaliación/s suspensa/s.

Non se contempla facer probas telemáticas específicas para a recuperación nestes niveis.

En 1 da ESO os alumnos suspensos realizarán exercicios de reforzo. Se foron todos entregados e están realizados dun xeito satisfactorio aprobarán as avaliacións pendentes.

No caso dos outros cursos da ESO, a estes exercicios de reforzo, se lles poderá engadir a realización de traballos específicos para a recuperación de avaliacións non superadas.

A nota do procedemento de recuperación substituirá á da avaliación suspensa sempre que sexa superior a esta.

No caso de ter recuperada/s a/as avaliación/s suspensa/s aplicarase o procedemento exposto no apartado a), en caso contrario, a cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións.

A cualificación máxima desta proba para alumnos con avaliacións suspensas non superará o 5.

BACHARELATO

a) Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación aprobadas:

A cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións, e á mesma, poderáselle sumar ata 2 puntos no caso de realizar satisfactoriamente todas as tarefas de repaso, reforzo e ampliación programadas durante o terceiro trimestre.

No caso de Hª da Arte de 2º Bac contéplase a realización dunha proba para subir nota consistente nun traballo cunha parte escrita e outra constituída por un vídeo onde o alumno/a expoña o traballo. Ámbalas dúas serán enviadas por correo para a súa correspondente avaliación.

b) Alumnado con algunha avaliación suspensa:

O alumnado seguirá os procedementos de recuperación da/s avaliación/s suspensa/s.

No caso de ter algunha avaliación suspensa cunha nota de 4 o superior, poderán recuperar dita avaliación mediante a entrega das tarefas e o proxecto propostos para a 3ª avaliación.

A nota do procedemento de recuperación substituirá á da avaliación suspensa sempre que sexa superior a esta.

No caso de ter recuperada/s a/as avaliación/s suspensa/s aplicarase o procedemento exposto no apartado a), en caso contrario, a cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións.

Alumnos con menos dun 4 nalgunha das dúas primeiras avaliacións farán unha proba telemática. A de 2º de Bac consistirá na elaboración dun comentario de texto durante unha hora o seu posterior envío por correo electrónico para a súa avaliación a realizar o 25 de maio ás 10:00h.

A cualificación máxima desta proba para alumnos con avaliacións suspensas non superará o 5.

Proba escrita con unha estrutura similar ás feitas durante os dous primeiros trimestres.

**Proba
extraordinaria de
setembro**

De non ser posible se fará unha proba telemática partindo dos exercicios de reforzo feitos ao longo do terceiro trimestre. A proba de 1º e 2º da ESO será a través de Edixgal. Para 2º de Bac se fará unha proba telemática similar á feita no 3º trimestre e mencionada anteriormente.

**Alumnado de
materia pendente**

Criterios de avaliación: Os que aparecen na programación. Os alumnos xa foron avaliados antes da suspensión de clases. A os alumnos que non teñan aínda superada a materia se lles ofrecerá a posibilidade de recuperala ca realización dun traballo/s específico/s.

Criterios de cualificación: Os que aparecen na programación. Os alumnos xa foron avaliados antes da suspensión de clases. A elaboración satisfactoria do traballo/s anteriormente citado/s permitirá superar a materia pendente

Procedementos e instrumentos de avaliación: Os que aparecen na programación. Os alumnos xa foron avaliados antes da suspensión de clases. Estes traballo/s citados anteriormente deberán ser entregados no correo designado a tal efecto antes da finalización do mes de maio.

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

- Actividades**
- Recuperación: realización de exercicios de recuperación a través da aula virtual, Edixgal e correo electrónico.
 - Repaso e reforzo: realización de exercicios de repaso a través da aula virtual, Edixgal e correo electrónico. Corrección posterior polos mesmos medios.

Observación: Todo o alumnado da materia ten conectividade aos medios empregados.

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Na aula virtual do centro pódense atopar todos os materiais de repaso, así como as actividades propostas, que se irán secuenciando semanalmente. A entrega de tarefas así como os cuestionarios fanse por medio de dita aula virtual, por correo electrónico e whatsapp. O alumnado ten a súa disposición para resolver as dúbidas e contactar co profesor as seguintes ferramentas: mensaxería interna da aula virtual, foro de dúbidas, correo electrónico do profesor, titoría telefónica e whatsapp.

Materiais e recursos Os expostos na aula virtual do centro e en direntes espazos da rede.

5. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias Infórmase ao alumnado por medio da aula virtual e publicación deste documento na páxina web do centro

Publicidade Publicación na páxina web do centro.